

## MESA XERAL E COMISIÓN DE PERSOAL

Santiago de Compostela 26/04/24

Onte tiveron lugar as reunións de Mesa Xeral e Comisión de Persoal, nas que se trataron as seguintes cuestións:

### MODIFICACIÓN DA RPT FUNCIONARIZACIÓN DO GRUPO B E SUBGRUPOS C1 E C2

Propónse pola Administración a funcionarización dos seguintes postos, dos que 167 pasan a formar parte da oferta no concurso de traslados de corpos xerais, de próxima convocatoria:

Denominación posto	Número de efectivos
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (C2-14)	2
AXUDANTE/A ADMINISTRACIÓN (C1-16)	1
DELINEANTE (C1-18)	3
ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA (C1-18)	1
OPERADOR/A DE ORDENADOR (C1-18)	30
POSTO BASE SUBGRUPO C1 (C1-14)	13
POSTO BASE SUBGRUPO C2 (C2-12)	146
POSTO BASE SUBGRUPO C2 (CANCRO DE MAMA) (C2-12)	7
PROGRAMADOR/A (C1-20)	4
<b>Número total</b>	<b>207</b>

Voto emitido en Comisión de Persoal:

**UGT: a favor**

CIG: en contra

CCOO: a favor

CSIF: abstención

### Sentido do voto de UGT:

Trátase da 6ª RPT de funcionarización voluntaria consecuencia do Acordo de concertación do emprego público de Galicia, asinado por UGT, que supón, como nas anteriores, a posibilidade de incrementar a súa retribución, cun custo adicional en nóminas para a Administración de 215.897,32€, sen aplicación de complementos de funcionarización a ningún posto.

### ROGOS E PREGUNTAS:

Información facilitada por Función Pública:

– **Procesos selectivos:**

- ⊖ Están remitidos os **buzóns** para a **toma de posesión dos subgrupos C1 e C2**.
- Notas do **segundo exercicio de A1** previsto publicar no mes de xuño.
- Notas do **segundo exercicio de A2** previsto publicar antes do 15 de maio.
- **Discapacidade intelectual:** sobre o destino definitivo recoñecen que se trata dun tema sensible e traballan sobre os postos a ofertar. En próximos días saíran as notas dos procesos de auxiliar administrativo e da agrupación profesional.



- **Funcionarización:**
  - Están rematando a **RPT dos grupos III e IV** que traerán á negociación nas vindeiras semanas.
- **Concursos de traslados:**
  - **En trámite:** Axentes Medioambientais, Persoal do SPIF, Gardacostas, Consumo e varias escalas de Administración especial.
  - **Administración xeral:** incorporadas as 164 prazas de funcionarización aprobadas hoxe. Previsto **publicar o buzón definitivo** na entorna do **15 de maio**.
  - **Escalas de Política Social:**
    - Prevista negociación da **RPT do CGSIB** nas vindeiras semanas. Cando se aprobe convocaranse os concursos das escalas de Política Social.
  - Afirmar que todos os concursos estarán resoltos entre este ano e o ano que ven, co que sería posible afrontar os concursos con carácter anual.
- **Procesos Lei 20/2021:**
  - Están baremadas 19 escalas de A1, ao longo do mes de maio publicaranse os baremos provisionais, posiblemente algunha escala máis, están validando o A2.
  - Na baremación da formación, indican que son moitas as persoas que teñen entre 80 e 100 entradas de datos de formación, co que para este procedemento ao acadar a puntuación máxima só se lles valorará ata o límite máximo.
  - Prevén ter todo publicado en provisional antes do mes de agosto (210 procesos)
  - Alí onde sexa posible, **por estar resolto o concurso de traslados**, as tomas de posesión serán en definitivo, se non serán en provisional a expensas de remate dos concursos.
- **Integración do CGSIB:**
  - Remitada documentación ás OOSS, para reunión da Comisión de integración canto antes.
- **Prazas de Augas de Galicia, de persoas non integradas**, incluídas no buzón do concurso de corpos xerais:
  - A pregunta de **UGT** ao respecto, a DXFP responde que se retirarán de igual xeito que se fixo nos concursos de especiais.
- **OPE 2024:**
  - Está prevista a súa negociación logo do verán.

Na Mesa Xeral consecuencia dos cambios no Goberno, tivo lugar a despedida de José María Barreiro Díaz, logo de dezaseis anos ao fronte da Dirección Xeral da Función Pública, e a presentación de Nuria Aguilar Vázquez, como Directora xeral de emprego público e administración de persoal. Agradecemos o traballo do saínte e esperamos diálogo e negociación da entrante para seguir acadando melloras en salarios, dereitos e emprego, tan merecidas e xustas para as persoas empregadas públicas da AXXG.

